

Promove :



Organiza:



PROGRAMA DE VIAJES, EXCURSIONS E SAIDAS PROMOVIDAS POLO DEPARTAMENTO MUNICIPAL DE CENTROS SOCIOCULTURALS

NORMATIVA BÁSICA DA ORGANIZACIÓN.

A participación no programa de viaxes, excursións e saídas promovidas polo departamento municipal de centros socioculturais implica a aceptación por parte do/a usuario/as das seguintes bases establecidas pola organización; o incumprimento poderá motivar a exclusión do programa.

- O prezo establecido para as viaxes, excursións e saídas non está suxeito a descontos pola condición de socio da rede de centros, idade ou outras circunstancias. E un prezo único para todos os participantes na actividade.
- O programa ten como destinatarios/as a usuarios/a de todas as idades, a excepcións da actividades nas que se explicita.
- O procedemento para a inscrición seguerá un prazo establecido no que se asignará a praza por rigurosa orde. Este número de orde indicará tamén o asento asignado no autobús.
- Antes da viaxe, nunca o mesmo día da actividade, cada participante deberá facer entrega do resgardo do pagamento bancario en calquera dos centros socioculturais.
- Por norma xeral, en caso de non asistir a actividade non haberá devolución da cota aboada, salvo que por causa xustificada e acreditada, á criterio da organización, se considere a devolución da porcentaxe correspondente.
- A non asistencia non permite a ocupación da praza por familiar ou amizade do inscrito. Cubrirase a vacante a través da lista de agarda.

- O/A participante, como persoa autónoma e maior de idade, ou responsable de menores que acudan a actividade, será quen de decidir sobre o seu estado de saúde para participar no programa, sendo o único a quen lle corresponde esta responsabilidade no caso da existencia de consecuencias derivadas dun estado non óptimo para viaxar.
- O/A participante no programa de excursións comprométese a cumprir o programa ofertado de cada viaxe, excursión ou saída(participación nas visitas obrigatorias, comida concertada, pago do importe estipulado, respectar os horarios das paradas e outras condicións que se determinen).
- En todo momento deberá cumprir os horarios previstos ao longo da excursión, en caso de retrasarse sen comunicalo ao/á guía, o grupo continuaría co programa establecido.
- O/A usuario/a deberá, en todo momento, gardar unhas normas básicas de civismo tanto cos/as compañeiros/as, como cos guías e conductores.
- En caso de ter algún tipo de queixa acerca do desenvolvemento da excursión, deberá transmitila ao/á guía, quen informará do procedemento para presentar unha queixa por escrito e o seu correspondiente trámite segundo o regulamento municipal de queixas e suxestións.
- As paradas da ida e da volta serán as mesmas e non se aumentarán en ningún caso. Os/as guías serán os/as últimos/as en abandonar o autobús.
